

**XOSÉ  
MARÍA  
ÁLVAREZ  
BLÁZQUEZ**

ACTIVIDADES SEGUNDO CICLO



**DÍA DAS LETRAS  
GALEGAS  
2008**

# Xosé María Álvarez Blázquez



EDICIONS CASTRELOS

EDICIÓNS CASTRELOS tentou, baixo a dirección de Xosé María, ser unha editorial de vocación popular. As súas primeiras publicacións foron os *Cadernos de Arte Gallego*, aínda que a súa colección máis coñecida foron os libriños de *O Moucho*.



## letrasgalegas2008

primaria  
2ciclo

## XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

O escritor Xosé María Álvarez Blázquez naceu na vila pontevedresa de Tui no ano 1915.

Estudou Maxisterio na cidade de Pontevedra e traballou de mestre en Galicia e Zamora, a onde foi desterrado pola súa actividade política e foi profesor de instituto en Vigo.

Xosé María Álvarez Blázquez

Caricatura de Xabier Domínguez



Aos dezasete anos, publicou o seu primeiro libro de poemas en castelán *Abril* e fundou a revista literaria *Cristal*.

No ano 1936, ingresou no Partido Galeguista e comeza a estudar Filosofía e Letras, carreira que non pode continuar polo comezo da Guerra Civil.

Ao remate da guerra, comeza a traballar en defensa da lingua e a cultura galega, ingresando, dez anos despois, na Real Academia Galega, na Coruña.

Fundou dúas editoriais, Editorial Monterrey e Edicións Castrelos, dedicadas á publicación de libros galegos, nunha época na que

apenas existían libros publicados na nosa lingua. Nesta última editorial publicou *O Catecismo do Labrego*, que acadou a categoría de primeiro «supervendas» da literatura galega.

Escribiu tamén numerosos artigos periodísticos e de investigación arqueolóxica, sendo nomeado Cronista Oficial da Cidade de Vigo.

Os seus libros máis coñecidos son, quizais, *A pega rabilonga* e outras *historias de tesouros*, en prosa e *Roseira do teu mencer*, volume de poemas dedicado á súa filla Colorrín. Tamén escribiu en castelán e chegou a quedar finalista do Premio Nadal do ano 1944, en Barcelona, coa novela *Na vila hai caras novas*. Polo seu labor como editor e pola súa defensa da lingua e a cultura galega, a Real Academia Galega dedicalle o Día das Letras, o 17 de maio de 2008.



A empresa Serigrafía Gallega, propiedade de Álvaro Álvarez, deseñou portadas para as editoriais de Xosé María e editou numerosos carteis defendendo a cultura galega.

## 1.- FALANDO DE XOSÉ MARÍA

Cando e onde naceu Xosé María Álvarez Blázquez?

.....

Que dúas editoriais fundou?

.....

Cal foi o primeiro «supervendas» da literatura galega?

.....

Escribe os títulos de dous libros da súa autoría.

.....

Que nomeamento lle deron na cidade de Vigo?

.....

## 2.- MIRANDO CON LUPA

Completa a ficha do libro e colorea a portada.

TÍTULO

.....

AUTOR


.....

EDITORIAL

.....

COLECCIÓN

.....





## DURME NENIÑA

Álvarez Blázquez escribiulle un libro á súa filla María Luísa, á que lle chamaba Colorín, porque era alegre e coloradiña. Un dos poemas que contén este libro é o seguinte:

Durme neniña,  
durme, meu ben;  
túa nai ten sono,  
teu pai tamén.

Non penses máis no cabalo  
que andaba a fuxir do dono;  
¡mira eses cen cabaliños  
que acarrexan o teu sono!


O meu arrollo  
que nadie o escoite.  
Dúrmete, nena,  
que xa é de noite.

Aquil cabaliño ledo  
está tamén a durmir;  
non o chames, que non pode,  
meu ben, anque queira, vir.

Dúrmete logo,  
meu año manso;  
túa nai sospira,  
teu pai vai canso.

O cabalo non che escoita  
e nin olla coma o acenas,  
pois mañán ten de ir á vila  
levar un carro de nenas.

¡Durme, neniña  
co meu arrollo,  
que xa me estafa  
terte no colo!



XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ  
*Roseira do teu mencer*

#### 4.- COMPRENSIÓN DO TEXTO

A quen vai dirixida esta cantiga de berce?

.....

Para que serve?

.....

Quen cres ti que a canta?

.....

Que animais aparecen na nana?

.....

Con que consegue finalmente durmir a nena? Por que?

.....

#### 5.- O MUNDO AO REVÉS

Inventa unha pregunta para cada unha destas respostas.

-  
.....

**-A túa nai ten sono e o teu pai tamén.**

-  
.....

**-O cabaliño ledo está tamén a durmir.**

-  
.....

**-Vai canso.**

## 6.- ENCRUCILLADO

Coloca no encrucillado os nomes de cada un destes obxectos relacionados coa nenez.

PENICO AXOXERE BERCE  
 CUEIRO BIBERÓN CHUPETE

## 7.- ADIVIÑA

Péchanse pola noite  
 abren pola mañá  
 non son portas  
 nin son ventás

Solución: .....

## 8.- VINDE TODOS...

Presta agora atención a este outro poema que Xosé María deixou escrito para a súa filla Colorín.

Vinde todos ollar á miña nena:  
vai co escriño de millo prás galiñas,  
i as condanadas, véndoa tan pequena,  
encírrana con bulras e rapiñas.

O galo mandarín chégalle ao peito  
-ollos de vidro, crista de sandía  
e na fachenda do pescozo ergueito  
cruces e bandas de outa fidalguía-.

A galiña pedresa que nunca pon  
é a que máis cacarexa; o malandrín  
do pito novo faise o valentón.

e todos andan tras meu «Colorín»...  
Ela non pode máis e berra: ¡Non!,  
tira co escriño e vén chorando a min.




Xosé María Álvarez Blázquez  
*Roseira do teu mencer*

## 9.- SOPA DE LETRAS

Localiza sete palabras que aparecen no texto e están que relacionadas cos galiñeiros e as aves. Escríbeas á esquerda.

			S				
				Ñ			
P							
	A			R			
		L					
				O			
	E						

CRISTA GALIÑAS PITO GALO  
MILLO PESCOZO CACAREXA



## 10.- A BANDA DESEÑADA

Ordena e copia estas frases que resumen a poesía de Colorín e o galiñeiro e fai os debuxos.

Colorín volve chorando onde o seu pai.

O galo chégalle ao peito.

As galiñas búrlanse dela.

A nena vai levar millo ás galiñas.

1

O pito faise o valente con ela.

1

2


3

4

5

## 11.- ROMANCE DO AFIADOR

Álvarez Blázquez escribiu moitos poemas, ademais dos que lle dedicou á súa filla. Un destes é o «Romance do afiador», do que podes ler a súa primeira estrofa.



**Velaí vén o afiador  
asubía que asubía;  
co seu carro de unha roda  
é coma a besta xuncida.  
Trai unha roda de ferros  
e unha pedra onde il afía:  
unha pedra condanada  
que bota raios e chispas.**

Xosé María Álvarez Blázquez  
*Romance do afiador*

## 12.- ATRÁS DA RODA!

De quen fala o poema? .....

Que vén facendo? .....

Que máis trae con el? .....

Cantas rodas ten o seu carro? .....

Debuxa un carro dunha soa roda que poida ser usado por un afiador, que teña caixa de ferramentas e moa de afiar.



### 13.- O BARALLETE

Os afiadores utilizan, entre eles, unha linguaxe propia para comunicarse. Esta maneira de comunicarse chámase **barallete**, aínda que non se pode considerar unha lingua.

A maioría dos afiadores, segundo o investigador Xaquín Lorenzo, Xocas, eran da provincia de Ourense e, máis concretamente, do concello de Nogueira de Ramuín.

Queredes coñecer algunhas palabras en barallete?

traballar	▷	<i>labreñar</i>	gato	▷	<i>álvaro</i>
ferreiro	▷	<i>queimaganchos</i>	borracho	▷	<i>mougado</i>
madeira	▷	<i>fusta</i>	diñeiro	▷	<i>zurus</i>
falar	▷	<i>arromanar</i>	navalla	▷	<i>xamonda</i>

Pois agora que coñeces algunha palabras deste léxico tan curioso, poderías facer unha tradución ao galego destas reflexións dun afiador imaxinario?

«A miña vida consiste en ir atrás da roda de **fusta** e **labreñar** arreo. Ando a percorrer o mundo en compañía do meu **álvaro**, afiando **xamondas** para gañar o **zurus** necesario e poder ir falar á taberna co **queimaganchos**, esperando que esta vez non estea **mougado**, coma case sempre».

.....

.....

.....

.....